



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS PARA O 26 DE AGOSTO
(EXPEDIENTE: 2024/G012/000017)

ANTECEDENTES

- 1 Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais
- 2 É preciso aprobar o ditame da Conta Xeral do exercicio 2023.
- 3 O artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as contas e a documentación complementaria estarán á disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión.
- 4 Correspóndelle á Comisión especial de contas ditaminar previamente os asuntos da Orde do día da sesión plenaria correspondente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Artigo 134 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Comisión Especial de Contas**, que se reunirá na sala de sesións da Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, **o 26/08/2024, ás 11:30 h**, en primeira convocatoria e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do ROF.

ORDE DO DÍA

Único. Aprobación do ditame da Conta Xeral do exercicio 2023

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados, así como á secretaria e ao interventor do Concello, indicándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría os antecedentes relacionados co asunto da Orde do día.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.